

Así foi o primeiro trimestre

Facémosvos chegar este documento, que recibiredes cada trimestre, co que pretendemos contarvos o máis destacable que tivo lugar ó longo destes meses. Esta información é o complemento da reflexión levada a cabo polos vosos fillos/as no boletín 'as novas da escola' que eles mesmos elaboraron.

Lembrede que tedes máis información, acompañada de fotografías, na **páxina web** do centro <http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantonio cervino> (no recanto de INFANTIL 2), nela poderedes atopar a totalidade dos traballos realizados, que como observaredes son moitos máis dos que levan no seu dossier trimestral para casa, e dos que aquí se comentan, así como unha explicación máis detallada de cada un deles.



Comezamos este curso cun **xogo de pistas** que se desenvolveu ó longo das primeiras semanas, a través do mesmo fomos presentando ós novos compañeiros e compañeiras as diferentes dependencias e aulas do colexio. Neste xogo fomos atopando 'tesouros' dentro dun cofre que cada día se atopaba nun lugar distinto, seguindo as diferentes pistas duns globos pendurados do teito. Ademais de comezar a coñecernos e de 'crear este novo grupo, nestes **primeiros días de clase** refixemos os rexistros, organizamos o material, exploramos a aula e o centro, creamos as bandexas para a merenda, comezamos a traballar a nosa motricidade no pavillón... .



Entre estas primeiras tarefas tivo un papel relevante a elaboración das **normas da aula**, a través da cal empregamos o aspecto **funcional da lecto-escritura e as potencialidades expresivas do seu corpo**, ó empregar as súas fotografías como 'actores' para a súa creación. Nesta ocasión estas normas foron escritas en 'posivito' a partir de diálogos reflexións por parte de todo o grupo.

Comezamos a celebrar os **cumpreanos** en ámbalas dúas aulas de infantil, **preparando unhas tartas de cumpreanos**, feitas polos compañeiros/as que cumpriran anos en cada mes, traballando coas receitas e empregando novamente a funcionalidade da lecto-escritura. Lembrede que tanto as



receitas que empregamos como as fotografías destas celebracións, poderedes atopalas na web do centro no recanto de infantil.

As **rutinas e rexistros diarios**, entre os que atopamos: o encargado, o calendario, o cómputo de compañeiros/as que viñeron á aula ou quedaron na casa, o tempo meteorolóxico... continúan a estar presentes na nosa aula para traballar diferentes aspectos. O **calendario** que empregamos para traballar o **uso funcional da serie numérica**, incorporou neste curso unha versión dixital na web do centro, que autónomamente comezaron a empregar dentro das rutinas diarias. Tamén inauguramos este curso o '**recanto do investigador**', cheo de ferramentas e instrumentos científicos cos que poden experimentar e explorar difentes fenómenos físicos (magnetismo, peso, cantidades...) así como de **programación** co uso do robot **BEEBOT**.

Cada venres, mantivemos o **préstamo de libros da nosa biblioteca de aula**, empregando dunha forma funcional a lecto-escritura e a serie numérica, facendo o rexistro de cada libro usando o ordenador de forma autónoma, **cunha ferramenta web que poderedes atopar no recanto de infantil da web**, e que de seguro os vosos



fillos e fillas estarán encantados de explicarvos como funciona.

Iniciamos tamén este curso uns "**intercambios**" **entre as dúas aulas**, de xeito que dúas veces á semana organizamos dous grupos, un de tres anos e outro de 4 e 5, para poder traballar aspectos máis específicos adaptados a cada idade, no caso dos máis pequenos relacionados coa motricidade e expresión e nos maiores para traballar elementos de lóxica matemática.





O **muro das palabras**, que iniciamos o curso pasado para elaborar os nosos dicionarios, inclúe este curso algunhas modificacións, como é o feito de que cada semana cada un dos alumnos aporta dúas 'palabras raras' gracias á vosa colaboración, así como a incorporación de dúas persoaxes relevantes (un home e unha muller) cuxo nome comece por esa letra.

Tivemos que **trasladarnos á Biblioteca do centro**, durante unha semana, como consecuencia dunha obra nunha das aulas de infantil o que nos permitiu mellorar as relacións entre os compañeiros e compañeiras das dúas aulas, quenes tiveron que compartir espazo e traballar de forma conxunta.




Creamos tamén os nosos **equipos cooperativos: terremoto, cabalo, ra e pokemon**, a través dos cales desenvolvemos estratexias para o traballo en equipo e a cooperación, falando chegando a acordos, para finalmente auto-avaliar o funcionamento do equipo nas diferentes tarefas que se plantexaron.

Participamos na celebración do **Samaín** (cun conto de medo que pode ver na web), do **Magosto** que se complementa cunha visita ó parque arqueolóxico de Campo Lameiro e asistimos a dúas sesións de **contacontos** organizadas no centro.



Iniciamos neste trimestre o noso primeiro gran **proxección do curso**, neste caso sobre '**Charles Chaplin**', que ten como finalidade a **'grabación dunha curtamentaxe'** como as do actor, que remataremos ó longo



do segundo trimestre e para a que solicitamos a vosa colaboración como fonte de información. Agradecemos o interese e participación que estades a ter ó longo de todo o proxecto. Con estas investigacións, máis aló dos contidos específicos que se puidesen adquirir, que son en todo caso secundarios, buscamos que os nenos/as adquiriran **estratexias de busca de información, plantexamento de preguntas, formulación de hipóteses, traballo en grupo, plasmación e verbalización do adquirido, reconstrución**



das ideas previas coa chegada de novos 'descubrimentos'. Todo este proxecto terá a súa plasmación, ademais de na citada grabación, nun **mural e nun dossier**, que levarán para casa unha vez rematado, así como outra serie de actividades que se levarán a cabo e que os converterán en verdadeiros investigadores. Invitámosvos a **facer un seguimento**

deste proxecto e do proceso do mesmo na web do centro no recanto de infantil 2, e que o comentedes cos vosos fillos/as o que se sinala nos diferentes artigos publicados.

Iniciamos tamén o noso '**horto da aula**', **sementando** cada mes unha pranta diferente, sendo responsable un dos nenos e nenas de cada unha delas. Do mesmo xeito exploramos os diferentes froitos das mesmas (ulindo, probando, tocando...) e observamos como lles nacían as raíces ós feixóns experimentando, cos mesmos e formulando hipóteses sobre o proceso.



A través do diálogo '**xogamos a pensar**' para o desenvolvemento dos pilares de pensamento do alumnado, empregando entre outras, imáxes de árbores, cos que exploramos diferentes aspectos cognitivos e expresivos.

Coa chegada do **Nadal**, ademais de adornar os centro para a ocasión, preparamos as nosas actuacións para o Festival ó que foron invitadas as familias. Na web do centro atoparedes, nuns días, a descripción e explicación de todas estas experiencias, así como o proceso de elaboración e traballo previo desenvolvido polos vosos fillos e fillas.



Deste modo, coa elaboración por parte dos vosos fillos/as do boletín 'As novas da escola', onde levaron a cabo unha reflexión de todo que traballaron ó longo destes meses, rematamos este primeiro trimestre.

Boas festas a todos e todas.

Decembro 2013